



CIRCULAR 27-2020.

IX CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO, SUB 23 E SUB 20 DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS.

- A todas as Delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A F.G.A organiza o IX Campionato de Galicia Absoluto de Inverno, Sub 23 e Sub 20 de Lanzamentos Longos que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra o vindeiro sábado día 15 de febreiro de 2020.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as da categoría Sub20 en adiante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia*

Art.3).- Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas (4 Abs + 4 Sub 23 + 4 Sub20), conseguidas durante a tempada 2018/2019 ou 2020.

Pasarán á mellora as 8 mellores marcas, independentemente do atefacto utilizado. Os atletas da categorías Sub 20 só poderán participar con un artefacto.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 11 de febreiro do 2020.** Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.5).- Os atletas deberán retirar os seu dorsal ata 50 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciara a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría do Campionato recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio seguindo o protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla

Art.7).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



Art.8).- HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

Art.9).- HORARIO (provisional). O horario definitivo publicarase en función dos inscritos o mércores anterior á proba.

HORARIO PROVISIONAL		
XORNADA DE MAÑÁ		
10:15 h	Martelo	Masculino
11:45 h	Xavelina	Feminina
13:15 h	Disco	Masculino
XORNADA DE TARDE		
15:15 h	Disco	Feminino
16:45 h	Xavelina	Masculina
18:15 h	Martelo	Feminino

Art.10) Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A (I.A.A.F.)

A Coruña, a 5 de febreiro de 2020